

Cinco. Engádesse un punto 3 ó anexo II coa seguinte redacción:

«3. Condicións específicas para os dispositivos de limitación de velocidade.

a) Onde sexa posible, comprobar que estea instalado o dispositivo de limitación de velocidade de conformidade coa Directiva 92/6/CEE do Consello, do 10 de febreiro de 1992, trasposta á regulamentación nacional polo Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

b) Comproba-la validez da placa do dispositivo de limitación de velocidade.

c) Onde sexa factible, comprobar que os precintos do dispositivo de limitación de velocidade e, se é o caso, os dispositivos de protección das conexións contra a manipulación fraudulenta estean intactos.

d) Onde sexa factible, comprobar que o dispositivo de limitación de velocidade impida que os vehículos mencionados nos artigos 2 e 3 da Directiva 92/6/CEE superen os valores preceptivos.»

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.21.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, sen prexuízo das competencias que, se é o caso, lles correspondan ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 23 de xaneiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

1589 *ORDE APA/105/2004, do 26 de xaneiro, pola que se establecen para a campaña 2004/2005 determinadas medidas no sector dos produtos transformados a base de tomates. («BOE» 24, do 28-1-2004.)*

O Regulamento (CE) 1535/2003, da Comisión, do 29 de agosto, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 2201/96, do Consello, no relativo ó réxime de axuda no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, dispón no número 3 do seu artigo 5, en concordancia co terceiro parágrafo do número 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) 449/2001, da Comisión, do 2 de marzo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 2201/96, do Consello, no relativo ó réxime de axuda no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, que os Estados membros determinarán as condicións para que os transformadores de

tomates poidan obte-lo recoñecemento que lles permita asinar contratos.

O Real decreto 685/2002, do 12 de xullo, polo que se establecen determinadas medidas para a súa aplicación no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, dispón no seu artigo 3 todo o relativo ó recoñecemento dos transformadores e, concretamente no seu número 2, a necesidade que teñen os transformadores de xustifica-la capacidade de transformación de tomates frescos e tipo de elaborado correspondente, achegando, polo menos, a información que figura no seu anexo II.

No sector dos tomates para transformación, debido ó amplo período de tempo existente entre o momento en que os transformadores deben solicita-lo seu recoñecemento e o inicio da campaña de industrialización, cómpre preve-lo recoñecemento daqueles transformadores que, tendo as súas fábricas en fase de construción, prevexan que a terá operativa ó comezo da campaña de transformación, como é o caso que se presentou para a próxima campaña 2004/2005.

Para facer fronte a esta problemática considérase conveniente a promulgación dunha disposición excepcional para a campaña 2004/2005 que adapte a normativa nacional en vigor no ámbito das competencias do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, tendo en conta o carácter conxuntural e urxente das medidas que se adoptan en beneficio tanto dos produtores coma dos transformadores de tomates.

Como solución, e por aplicación do número 1 da disposición derradeira segunda do Real decreto 685/2002, inclúese un novo anexo no citado real decreto que contén a información necesaria. Ademais, naqueles casos que o requiran, os interesados deberán presentar un aval bancario para garanti-la boa fin da contratación dos tomates para transformación.

Os prazos para presentación da documentación por parte dos interesados, para ser emitida a resolución de recoñecemento por parte das autoridades competentes, así como para a comunicación destas ó Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), tiveron que se limitar para que estes transformadores poidan asinar contratos ata o 15 de febreiro de 2004.

Na elaboración desta disposición, foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer determinadas medidas de regulación da campaña de transformación de tomates 2004/2005, complementarias ás dispostas pola normativa vixente.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

Poderanse acoller a esta orde os transformadores de tomates as solicitudes de recoñecemento dos cales non foron remitidas ó FEGA en virtude do establecido no artigo 8.2 do Real decreto 685/2002, do 12 de xullo, por non teren acreditado a capacidade de transformación necesaria para o seu recoñecemento, sempre que prevexan te-la fábrica apta para o seu funcionamento polo menos dez días antes do inicio das operacións de entrega e transformación.

Artigo 3. *Inclusión dun novo anexo ó Real decreto 685/2002, do 12 de xullo.*

Con vixencia exclusiva para a campaña 2004/2005 engádesse un novo anexo VI ó Real decreto 685/2002, que figura como anexo único á presente orde, que deberán cubrir en lugar do anexo II.

0

Artigo 4. Condicións para o recoñecemento.

1. Os transformadores a que se refire o artigo 2 deberanse comprometer a ter apta para o seu funcionamento a fábrica antes do inicio das operacións de entrega e transformación, presentando ata o 2 de febreiro de 2004, inclusive, polo menos, a información e os datos que figuran no anexo VI do Real decreto 685/2002, do 12 de xullo.

2. Estes transformadores deberán presentar ante a autoridade competente da comunidade autónoma correspondente, xunto coa documentación a que se refire o número anterior, un aval bancario polo importe resultante de multiplicar 0,08 euros pola cantidade, en quilogramos, que prevexan contratar co fin de garantir a percepción do prezo acordado e a axuda comunitaria correspondente, para o suposto de a fábrica non se encontrar operativa polo menos dez días antes do inicio das operacións de entrega e transformación. Este aval axustarase á cantidade efectivamente contratada, no prazo de 20 días desde a data de finalización do período de contratación.

3. Se o contrato ten que revestir a forma dun «compromiso de entregas», de acordo co disposto na letra b) do número 2 do artigo 4 do Regulamento (CE) 1535/2003, da Comisión, do 29 de agosto, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 2201/96, do Consello, no relativo ó réxime de axuda no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, eximirase a organización de produtores, na súa calidade de transformador, de achega-lo aval correspondente á materia prima amparada no citado documento.

Artigo 5. Condicións para a efectividade do recoñecemento e comunicacións.

1. As resolucións de recoñecemento dos transformadores de tomates que se acollan ó disposto nesta orde, dictadas polos órganos competentes das comunidades autónomas, condicionarán a efectividade do citado recoñecemento ó cumprimento do compromiso relativo a que a fábrica se encontre polo menos dez días antes do inicio das operacións de entrega e transformación en condicións de recibir tomates para transformalos.

2. Estas resolucións trasladaranse ó Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) antes do día 5 de febreiro de 2004.

Disposición derradeira primeira. Facultade de aplicación e título competencial.

Esta orde dítase en aplicación da facultade concedida ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación na disposición derradeira segunda do Real decreto 685/2002, do 12 de xullo, polo que se establecen determinadas medidas para a súa aplicación no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas e de acordo co disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 26 de xaneiro de 2004.

ARIAS CAÑETE

ANEXO**ANEXO VI****(Real decreto 685/2002)***Campaña 2004/2005 - Transformación de tomates*

D./D.^a
 en calidade de director/a (1)

CERTIFICA

1. Que persoal técnico desta unidade se presentou na sede social da empresa, sita na r/, localidade de, provincia de, con NIF/CIF e dispuxo dun proxecto de industria transformadora de tomates, coa seguinte capacidade de transformación:

Tomates concentrados	kg/h de froito fresco.
Tomates pelados enteiros en conserva	Kg/h de froito fresco.
Outros transformados de tomates	Kg/h de froito fresco.

2. Que, segundo declaración do representante da empresa, con poder suficiente:

a) Este proxecto estase a executar en da localidade, provincia de

b) Que disporá da capacidade de transformación, citada no número 1, antes do inicio das operacións de entrega e transformación correspondentes á campaña 2004/2005.

É o que certifica en, o de de 2004.

(1) Nome da unidade administrativa provincial,

MINISTERIO DE FACENDA

1672 *ORDE HAC/114/2004, do 27 de xaneiro, pola que se aproban os modelos normalizados de acordo transaccional, en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque Prestige. («BOE» 25, do 29-01-2004.)*

O Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque Prestige, na súa disposición derradeira primeira, habilita o ministro de Facenda para que por orde aprobe o modelo normalizado de acordo transaccional, no que os damnificados deben desistir e renunciar a tódalas súas accións xudiciais e a calquera reclamación indemnizatoria extraxudicial derivada do sinistro, percibindo como contrapartida unha cantidade de diñeiro, o cálculo da cal ha de efectuarse a partir da valoración dos danos producidos. Pola súa parte, o Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, polo que se aproban normas de desenvolvemento do real decreto lei mencionado, no seu artigo 5, tamén se refire ó citado modelo normalizado.

Neste contexto, esta orde ten como obxecto dar cumprimento a estes mandatos, ben que, en realidade, se consideran dous modelos diferentes de acordo transaccional.

O primeiro deles (anexo I) refírese ó suposto normal de que no acordo se conteña a valoración de tódolos danos indemnizables sufridos polo suxeito damnificado, sexa cal sexa o sistema de valoración utilizado —a estimación obxectiva regulada no artigo 3 do Real decreto 1053/2003, a estimación directa regulada no artigo 4 do mesmo real decreto, ou ambas—. Neste caso, a proposta de acordo efectuarase naquel momento en que finalizasen, totalmente, as ditas actuacións de valoración.

Sen embargo, hai que ter en conta que a utilización do sistema de estimación obxectiva permite que a valoración se efectúe nun prazo moi breve, mentres que a estimación directa require actuacións máis dilatadas no tempo. Nesta situación, na hipótese de que en relación cun mesmo damnificado se solicite a indemnización de danos que teñan que valorarse polos dous sistemas, pode darse a circunstancia de que o dito damnificado considere vantaxoso percibi-la indemnización correspondente ós danos valorados polo método de estimación obxectiva sen esperar a que finalice a valoración daqueles danos en que debe utilizarse a estimación directa.

Á vista diso, considerouse oportuno, neste caso, ofrecerlle ó damnificado a alternativa de proceder á sinatura do acordo, con percepción inmediata das cantidades correspondentes ós referidos danos valorados obxectivamente, de tal xeito que quedaría pendente para un momento posterior a valoración dos danos por estimación directa e, caso de habelos, a correspondente indemnización referida a estes. O modelo de acordo para este suposto sería o incorporado no anexo II, completado por un modelo de documento complementario recollido no anexo III.

Polo demais, a forma do acordo supón que o ministro de Facenda, ou autoridade en quen delegue, lle comunicará a proposta de acordo ou convenio, xa formalizado cos datos non especificados no modelo, que, se é aceptada polos damnificados e unha vez asinada por estes, deberá ser devolta ó ministro de Facenda, no prazo de 30 días desde a recepción da proposta, para que esta sexa formalizada coa sinatura do ministro de Facenda e do representante do Instituto de Crédito Oficial.

Non obstante, para maior seguridade xurídica dos damnificados, entenderase que a data do acordo tran-

saccional é a da súa devolución ó Ministerio de Facenda, data a partir da cal comezarán os prazos fixados no acordo para a instrución do ministro de Facenda ó ICO e desde esta para o pagamento polo ICO ós damnificados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único.

En execución do disposto na disposición derradeira primeira do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, e no artigo 5 do Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, aprobo os modelos normalizados de acordo transaccional e documento complementario, que se subscribirán cos damnificados que o acepten, contidos nos anexos.

Madrid, 27 de xaneiro de 2004.

MONTORO ROMERO

Ilmo. Sr. Subsecretario de Facenda.

ANEXO I

Acordo transaccional en relación co sinistro do buque Prestige

COMPARECEN:

1.
.....
.....
.....
.....
(No sucesivo o/os damnificados)
2. O Instituto de Crédito Oficial, representado por
.....
.....
3. O ministro de Facenda, e pola súa delegación (O.M. 22-11-2000) o subsecretario de Facenda
.....

EXPOÑEN:

Que con relación ó sinistro sufrido polo buque Prestige, o/os damnificados aceptan expresamente como valoración dos seus danos por tódolos conceptos, consecuencia directa ou indirecta das verteduras contaminantes acaecidas polo citado sinistro a cantidade de
.....

ESTIPULAN:

1. O/os damnificados que reciban o importe da indemnización desisten de forma expresa, irrevogable e incondicional de calquera acción, recurso, instancia ou reclamación, xudicial ou extraxudicial, pendente de resolución e, así mesmo, renuncian a presentar no futuro calquera acción, procedemento ou reclamación, calquera que sexa a súa natureza, carácter ou denominación, xudicial ou extraxudicial, relativas ó sinistro do buque Prestige.

2. O Estado español subrogarase, e así o aceptan expresamente neste acordo o/os damnificados, en tódalas súas accións xudiciais e en calquera reclamación indemnizatoria extraxudicial derivada do sinistro do buque Prestige.

3. A data deste acordo entenderase que é a da súa devolución ó Ministerio de Facenda, unha vez asinado